



Cámara Oficial
Mineira de Galicia

「ME MO RIA 2018」

camaraminera.org

GALICIA É PEDRA E AUGA

EDITA:

Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG)
Co apoio da Dirección Xeral de Enerxía
e Minas da Consellería de Economía,
Emprego e Industria.
Xunta de Galicia.

FOTOGRAFÍAS:

Cámara Oficial Mineira de Galicia.
Empresas membro da COMG. (David Fernández Grande SL, Irosa, Pasek Minerales,
Europizarras, Magnesitas de Rubián, Prebetong Áridos, Cerámica Vereá,
Balneario de Lugo, Termas Romanas, Lobios Caldaria Hotel Balneario,
Áridos do Mendo, Lista Granit, Lignitos de Meirama SA., Grupo Myhnor, Erimsa)
Imaxes seleccionadas do concurso de fotografía Enfoca.RME 2018,
da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo:
Eterno luar. Denis Barros Caballero, portada. (Gañadora do certame)
Máis aló do muro. Carla Carballal Abal, páxinas 4-5. (Segundo premio do certame)
Camiño de forza. Eduardo Millán López, páxina 6-7. (Terceiro premio do certame)
Un futuro cheo de recursos. Carla Carballal Abal, páxina 45.
Método tradicional. Aarón Comesaña Barbolsa, páxina 54.
Vertical Slope. Aarón Comesaña Barbolsa, páxina 59.

DESEÑO E COORDINACIÓN: Bannister Global
DEP. LEGAL: C 502-2019

DATOS DE CONTACTO:

Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG)
Juan Flórez 33-35, entreplanta esquerda
15004 A Coruña
Teléfono: 981 139 663
cmg@camaraminera.org
www.camaraminera.org



Cámara Oficial
Mineira de Galicia

「ME MO RIA 2018」



Máis aló do muro. Carla Carballal Abal
Segundo premio do certame Enfoca.RME 2018

ÍNDICE

1.	CARTA DO PRESIDENTE	6
2.	UN SECTOR ESTRATÉXICO	10
3.	A COMG	18
4.	O EXERCICIO 2018	24
	Representación do sector	26
	Defensa do sector	38
	Asistencia técnica	46
	Medio ambiente	50
	Seguridade e saúde	54
	Formación	59
	Comunicación	62



Camiño da forza. Eduardo Millán López
Terceiro premio do certame Enfoca.RME 2018



CARTA DO **PRESIDENTE**



CARTA DO PRESIDENTE



D. Juan de Dios Martín Aparicio
Presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia.

O ANO DE MINARÍA SOSTIBLE DE GALICIA

A industria foi sempre unha das pedras angulares da prosperidade económica en Europa como motor esencial da produtividade e a innovación. E acompañándoa, abastecéndoa de materias primas, estivemos sempre nós, o sector da minaría. Coa súa man de obra cualificada e a súa reputación mundial de calidade e sostibilidade, a industria é vital para Europa e a súa prosperidade. Hoxe en día 52 millóns de persoas e as súas familias beneficianse directa e indirectamente do emprego en todos os sectores industriais de Europa, incluído o mineiro.

As cadeas de subministración, compostas por centos de miles de pequenas e medianas empresas innovadoras e grandes provedores, están prosperando e exportando a excelencia industrial europea a todo o mundo. Non obstante, chegou o momento de dar a alarma sobre os desafíos considerables aos que nos enfrontamos.

Entre 2000 e 2014, a participación da industria manufacturera na produción total da UE reduciuse do 18,8% ao 15,3%, mentres que entre 2008 e 2014 se perderon 3,5 millóns de empregos.

Mentres tanto, as demais potencias mundiais están colocando á industria no máis alto das súas axendas políticas. A estratexia “Feito na India” apunta a garantir que a India sexa “o próximo destino de fabricación” e “Feito en China 2025” busca converter a China na “potencia de fabricación líder”. O recente cambio de Estados Unidos cara a “América primeiro” inevitablemente terá un forte impacto na súa política industrial.

Cando analizamos o caso de Galicia, vemos que aquí se multiplica a tendencia europea. O modelo de economía máxica que se propón desde algúns sectores políticos radicalizados non quere industria, non quere minaría, non quere construción... Non quere nada.

Galicia mira á minaría con desconfianza, sen comprendernos, téndonos como algo alleo á po-boación, á sociedade e á súa economía. Outros sectores emprenderon nestes anos un traballo de fortalecemento e proxección institucional notable. A industria pesqueira e marisqueira, o sector lácteo, o téxtil, o turismo, o naval ou a automoción falan por si mesmos. Galicia recoñéceos como estratéxicos, como vitais para a sociedade. Non obstante, non se fixo o mesmo coa minaría.

Por iso en 2018 creouse a plataforma Minaría Sostible de Galicia por iniciativa da Cámara Oficial Mineira de Galicia. Con ela ponse ao servizo do sector unha estratexia de amplo espectro, aplicable a todos os subsectores.

A iniciativa partiu da Cámara, pero enseguida se conseguiron os apoios de asociacións empresa-

riais, colexios profesionais, institucións académicas, centros de investigación... De tal maneira, que a día de hoxe estamos moitos, aínda que faltan algúns máis que desexamos integrar.

Minaría Sostible de Galicia é unha plataforma de encontro que representa ao sector da extracción de recursos minerais dunha maneira moi ampla. Empresa, profesionais e coñecemento.

Galicia necesita materias primas minerais, ben de produción propia ou ben de terceiros países sen as condicións laborais e as garantías ambientais da minaría europea. Por iso Galicia necesita a todos os seus mineiros. E debemos estar todos xuntos. Non somos só louseiros, graniteiros ou areeiros. Somos mineiros e estamos orgullosos do noso traballo, da nosa achega á sociedade galega e do noso legado.

O que non nos impide recoñecer erros, traballar para avanzar na aplicación das mellores técnicas dispoñibles e mellorar a compatibilidade ambiental e a seguridade laboral das nosas actividades e incrementar a súa contribución ao desenvolvemento económico e social de Galicia. E conseguir que Galicia estea orgullosa da súa minaría.





Explotación de granito. O Porriño (Pontevedra)



2

UN SECTOR
ESTRATÉGICO

A MINARÍA EN GALICIA

As materias primas minerais son a base das cadeas de valor industriais (cuarzo, volframio, magnesita, calcaria, caolín, dunita...), da construción (áridos, lousa, granito, arxila), da agricultura e a gandería (turba para fertilizantes, magnesita como complemento alimenticio, area de cuarzo como cama hixiénica para vacas), da alimentación (as augas minerais), e do turismo (os balnearios) que sosteñen a economía galega.

Os recursos mineiros son **bens de dominio público, pertencen a todos os galegos**. A investigación

e o seu aproveitamento están encomendados, por parte da administración, ás empresas mineiras, que pagan impostos por este motivo.

Os produtos mineiros son imprescindibles para o benestar social, xa que se atopan en todos os produtos terminados que están en contacto co ser humano.

Galicia produce moitos produtos mineiros e hai moitos outros que son compoñentes esenciais do día a día.



Explotación de lousa. Carballeda de Vadeorras (Ourense)

PRODUCCIÓN:

Galicia representa o **10% da produción mineira de España**, e é a 4ª comunidade en valor de produción, por detrás de Andalucía, Cataluña e Castela e León.

A minaría galega abasteceu á sociedade galega, en 2016, con case **10,2 millóns de toneladas** de materiais de construción.

Produtos galegos de alto valor chegan a mercados moi competitivos, constituíndo casos de éxito de internacionalización.

O sector achegou o **0,7% do produto interior bruto** (PIB) da economía galega en 2016.

EXPORTACIÓN: **437 millóns** de euros en 2016.

GALICIA, LÍDER EN PRODUCCIÓN DE:

LOUSA:



54,3% da produción española
72,5% das exportacións españolas
Máis do 30% da lousa mundial para cubertas

CUARZO:



68% da produción nacional
98,5% das exportacións

GRANITO EN BRUTO:




56,95% da produción española
94,17% das explotacións

Líder na transformación do granito en España co **85,60%** das exportacións
2ª industria máis importante de Europa e 4ª do mundo

PRODUCCIÓN, EN TONELADAS



ÁRIDOS (t)



2012	2013	2014	2015	2016
11.046.572	8.053.360	8.462.711	9.599.953	8.721.319




CERÁMICA (t)



2012	2013	2014	2015	2016
418.641	306.149	309.238	406.072	388.756




GRANITO (t)



2012	2013	2014	2015	2016
634.215	608.804	560.917	562.495	545.161




LOUSA (t)



2012	2013	2014	2015	2016
368.828	354.677	393.500	463.154	530.684




ROCHAS INDUSTRIAIS (t)



2012	2013	2014	2015	2016
1.493.442	2.213.763	2.096.157	1.945.075	2.007.757




BALNEARIOS (agüistas)



2012	2013	2014	2015	2016
233.714	305.485	243.509	251.136	258.433



AUGAS MINERAIS (litros)





2012	2013	2014	2015	2016
343.309.053	306.798.038	363.371.086	336.770.008	356.634.019



EXPLORACIÓNS ACTIVAS

Nº DE EXPLORACIÓNS: **282**



EMPREGO

A minaría **xera emprego e riqueza no rural de Galicia**, o que permite o desenvolvemento social e demográfico.

A minaría de Galicia supón o **12,8% do emprego estatal do sector**. É emprego de calidade, alta capacitación e cunha constante demanda.

Os **postos de traballo** xerados ascenderon a **11.211** (1% do emprego total en Galicia).

SECTOR ESTRATÉXICO CLAVE

A minaría de Galicia é un **sector de pemes e de familias**, con longos historiais de xeracións dedicadas ás explotacións:

- 97% dos titulares de dereitos mineiros son pemes
- 95% delas teñen sede en Galicia

A minaría **abastece á industria, á construción e á agricultura e gandería** de Galicia con recursos básicos e insubstituíbles, imprescindibles para o benestar social e claves para a industria 4.0.

Fontes:

·Estatística Mineira de España (2016) elaborada pola Secretaría de Estado de Enerxía (Ministerio para a Transición Ecolóxica)

·Ministerio de Industria, Comercio e Turismo
·Catastro Mineiro de Galicia
·Instituto Galego de Estatística



Explotación de granito. O Porriño (Pontevedra)

An aerial photograph of a landscape, possibly a construction site or a deforested area, with a blue semi-transparent overlay. The overlay covers the left and center portions of the image. On the right, a dirt road or path winds through a forested area. In the bottom right corner, a small cluster of houses with red roofs is visible. The number '3' is prominently displayed in white, enclosed in large white brackets.

「3」

A CÁMARA

QUE SOMOS?



Explotación de lousa. A Fonsagrada (Lugo)

A COMG é unha corporación de dereito público e un órgano consultivo da Administración, tutelada pola Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, que desenvolve as súas actividades en colaboración coas universidades, colexios profesionais, asociacións sectoriais e empresas da comunidade mineira.

Os recursos xeolóxicos son bens de dominio público e a minaría, como conxunto de actividades destinadas á súa investigación e aproveitamento, está declarada de interese ou utilidade pública na maioría dos casos.

A COMG está formada por todas as persoas físicas ou xurídicas que realizan actividades destinadas á investigación e o aproveitamento dos recursos xeolóxicos, calquera que sexa a súa orixe ou estado físico, desde o seu coñecemento ata a súa posta en valor.

Representa ao sector industrial dos recursos minerais en Galicia no que se inclúen todos os subsectores:

- Augas minerais envasadas
- Áridos
- Balnearios
- Cerámica
- Minaría enerxética
- Granito
- Lousa
- Minaría metálica
- Rochas industriais

A Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) reúne nunha mesma entidade os intereses públicos e privados para conseguir o mellor aproveitamento dos recursos xeolóxicos co obxectivo de maximizar o seu beneficio para o conxunto da sociedade.

FUNCÍONS

Recollidas no Real Decreto de 23/09/1921 e no artigo 6 do Regulamento de Réxime Interior.

A Cámara é a representante formal e portavoz do sector mineiro galego. Entre as súas actividades máis destacadas atópanse:

- Fomentar o **desenvolvemento** da industria mineira e o aproveitamento racional e eficiente dos recursos xeolóxicos.
- **Representar, defender e promover** os intereses da minaría galega.
- **Fomentar** a ensinanza da minaría.
- **Expedir certificacións e designar** peritos, resolver conflitos e promover acordos ante problemas relacionados coa minaría.
- **Emitir informes** ás autoridades e particulares que o soliciten e propoñer reformas para o desenvolvemento, mellora e fomento da actividade mineira.
- **Xestionar** o Catastro Mineiro.
- **Promover a seguridade e saúde laboral**, a compatibilidade ambiental e a integración territorial e paisaxística das actividades mineiras.

Ademais de exercer os seguintes labores:

- **Informativo:** elaboración e difusión de datos estatísticos, memorias e publicacións divulgativas sobre a minaría.
- **Formativo:** organizando cursos, seminarios e xornadas sobre temas de actualidade e de interese para o sector.
- **Asesoramento:** tanto a poderes públicos como a socios ou particulares, sobre os aspectos legais, administrativos e técnicos que afectan ao sector (cuestións ambientais, novas normativas...).

O desenvolvemento destas actividades por parte da Cámara Mineira de Galicia realízase en colaboración con diversos axentes: universidades (principalmente do sistema universitario de Galicia), colexios profesionais, asociacións sectoriais, empresas, entidades e Administracións, especialmente coa Administración mineira de Galicia a través da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.



Establecemento de beneficio de magnesita. O Incio (Lugo)

ÓRGANOS DE GOBERNO

A organización da Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) está recollida no Capítulo II do seu Regulamento de Réxime Interior.

Os órganos de goberno da Cámara son a asemblea, a xunta directiva e o presidente.

ASEMBLEA

A asemblea é o órgano supremo de goberno e representación da COMG. Forman parte dela as persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades mineiras, incluída a restauración do espazo afectado e o tratamento de residuos mineiros, dentro do ámbito territorial de Galicia.

XUNTA DIRECTIVA

A xunta directiva é o órgano permanente de xestión, administración e proposta da COMG. Os seus membros (non menos de 10 e non máis de 40) son elixidos entre todo o electorado da COMG, clasificado en grupos e categorías, segundo determine a asemblea, de forma que teñan representación todos os intereses mineiros. Os cargos de presidente, vicepresidente 1º, vicepresidente 2º, tesoureiro e contador son elixidos polos membros da xunta directiva.

A xunta directiva elixiu o 30 de outubro de 2013 os seguintes cargos:

PRESIDENTE

D. Juan de Dios Martín Aparicio
General de Hormigones S.A., Áridos

VICEPRESIDENTE 1º

D. David Fernández Sanromán
David Fernández Grande S.L., Granito

VICEPRESIDENTE 2º

(nomeado o 15 de novembro de 2018)

D. Saturnino Arias Fraga
Grupo MYNHOR, Áridos

TESOUREIRO-CONTADOR

D. Benigno Amor Barreiro
Asociación Gallega de la Propiedad Balnearia, Augas de balnearios

SECRETARIO-DIRECTOR

D. Diego López González

EQUIPO TÉCNICO

D.ª Atocha Ramos Martínez

D.ª María Vázquez Armesto



Asemblea da COMG 2018. Santiago.

COMITÉS DA COMG

A COMG conta con grupos de traballo que se encargan de cuestións específicas.

NORMATIVAS

Ten a encomenda de realizar un seguimento do proceso de tramitación de novas normas e do proceso de implantación daquelas recentemente aprobadas que poidan ter incidencia no sector mineiro galego.

INFORMACIÓN

Ten a función de mellorar o coñecemento e a imaxe social do sector, así como establecer as directrices de comunicación, tanto externa como interna.

PATRIMONIO INDUSTRIAL E MINEIRO

Ten a función de poñer en valor o patrimonio xeolóxico e mineiro de Galicia a través de iniciativas de divulgación e promoción.



Explotación de volframio. Lousame (A Coruña)

REUNIÓN DO ANO

ASEMBLEA DA COMG

A reunión ordinaria anual da asemblea tivo lugar o 20/03/2018 no hotel Palacio del Carmen, en Santiago de Compostela.

XUNTA DIRECTIVA

Celebradas sete reunións en 2018:

- 25 de xaneiro
- 27 de febreiro
- 30 de maio
- 12 de xullo
(celebrada en Magnesitas de Rubián)
- 20 de setembro
- 5 de outubro (extraordinaria)
- 15 de novembro

COMITÉS

Celebradas sete reunións en 2018:

- 24 de xaneiro, Patrimonio
- 15 de febreiro, Patrimonio
- 26 de abril, Patrimonio
- 08 de xuño, Normativas
- 05 de xullo, Información
- 12 de xullo, Normativas
- 30 de xullo, Información



Estabelecimento de beneficio de lousa. A Fonsagrada (Lugo)



「4」


O EXERCICIO
2018

REPRESENTACIÓN DO SECTOR




Explotación de áridos. Lugo.

Reunións mantidas pola
COMG en 2018: **173**



- Consellería de Economía, Emprego e Industria
- Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
- Outras administracións
- Entidades, empresas e particulares

Eventos con presenza
da COMG en 2018: **57**



- Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
- Organizacións sectoriais
- Outros organizadores



Establecemento de beneficio de cerámica. Mesía (A Coruña)

Entre as funcións da Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) atópase a de representar ao sector empresarial mineiro en Galicia. É a voz de todos os subsectores e membros da comunidade mineira, así como a ponte de unión entre estes, a sociedade e a administración.

O obxectivo é trasladar as necesidades e demandas do sector e darlle a visibilidade que require, así como crear pontes de colaboración interinstitucional para mellorar o desenvolvemento da actividade en beneficio do sector, da súa proxección institucional e da sociedade galega.

- Mantendo un contacto constante coa Dirección Xeral de Enerxía e Minas, que como administración mineira é o seu órgano tutelar.
- Defendendo e promovendo os intereses mineiros ante os poderes lexislativos correspondentes, reuníndose con xefes institucionais a nivel autónomo e estatal e asistindo a numerosos foros, conferencias e eventos.
- Actuando como corpo consultivo da Administración ante procesos lexislativos que afectan á industria mineira.
- Facendo un exercicio de transparencia e divulgación ante a sociedade, promocionando o sector mineiro a través da investigación e da divulgación; a difusión de traballos, estudos e avances realizados en relación ás actividades extractivas.
- Creando contidos con información actualizada e de interese para a cidadanía con relación ás actividades mineiras.



A minaría en Galicia atópase en dúbida desde hai un lustro (5 anos), debido ao descoñecemento do sector por parte de gran parte da poboación, o que provoca falta de información e desconfianza social na actividade.

Para conseguir reverter esta situación, ou polo menos, mitigala, o Comité de Información da COMG decidiu desenvolver no ano 2018 un plan de comunicación integral para o conxunto do sector mineiro galego. Nel búscase explicar sen prexuízos nin falsos mitos a importancia do sector extractivo en Galicia.

Durante o proceso de elaboración deste plan realizáronse entrevistas persoais a membros da dirección, a xunta directiva, así como a representantes da Dirección Xeral de Enerxía e Minas. O plan de comunicación foi presentado á xunta directiva en maio e en xuño foi exposto ante o órgano tutelar.

A resultados do citado plan, púxose en marcha a plataforma Minaría Sostible de Galicia, como iniciativa

da Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG). Ademais, participan dela as seguintes entidades:

- Clúster do Granito de Galicia.
- Clúster da Pizarra de Galicia.
- Asociación Galega de Áridos (Arigal).
- Asociación Galega da Propiedade Balnearia.
- Asociación Galega de Empresas de Envasado de Auga Mineral Natural.
- Asociación Provincial de Graniteiros de Ourense.
- Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía (Universidade de Vigo).
- Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal (Universidade da Coruña).
- Colexio Oficial de Xeólogos.
- Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste.
- Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Graos en Minas e Enerxía de Galicia.

Os obxectivos de Minaría Sostible de Galicia son:

- A promoción do sector mineiro de forma sostible, a través da investigación e da divulgación.
- A difusión de traballos, estudos e avances realizados en relación ás actividades extractivas.
- A creación de contidos con información actualizada e de interese para a cidadanía con relación ás actividades mineiras.

Durante 2018 a COMG impulsou as seguintes accións de promoción do sector mineiro baixo esta plataforma:

- Páxina web minariasostible.gal. Orientada á sociedade, que aporta datos clave do sector, reflectindo compromisos e transmitindo información científica e contrastable da minaría.
- Día da Ciencia na Rúa. Minaría Sostible de Galicia participou cun stand nos actos do 5 de maio no XXIII Día da Ciencia na Rúa, desenvolvido na cidade da Coruña. Ao longo de toda a xornada, nenos e maiores mostraron o seu interese por coñecer máis da actividade extractiva e probar os diferentes xogos dispoñibles. Os visitantes deste espazo puideron coñecer, a través de paneis, os recursos xeolóxicos presentes en Galicia, as fases do seu aproveitamento a través da minaría e as diferentes posibilidades de restauración mineira.



Día da Ciencia na Rúa. A Coruña



MATERIAIS DIDÁCTICOS

A sociedade en xeral e os nenos en particular non teñen un coñecemento profundo e detallado da minaría galega, asociándoa a prácticas terciaromundistas.

Co obxectivo de trasladarlles a realidade do noso sector, púxose a disposición dos docentes o seguinte material:

- Unidades didácticas para Educación Infantil, Primaria e Secundaria, cos correspondentes manuais didácticos para o profesorado, así como vídeos explicativos. A COMG editounos en forma de cadernos para a súa distribución nos centros escolares de Galicia.
- Edición do libro 'O Tesouro das Estrelas', un relato infantil como guía polas fases da minaría: investigación, extracción, transformación e rehabilitación ambiental, así como a contribución do sector e os casos de éxito.

PARTICIPACIÓN EN EVENTOS REPRESENTANDO AO SECTOR

A xunta directiva da COMG, así como o seu equipo técnico asisten durante todo o ano a congresos, xornadas, seminarios e relatorios sobre minaría, sobre industria e, en xeral, a calquera evento de interese para os membros.



Mesa redonda durante o Congreso.



Explotación de augas mineiro-medicinais. Lugo

V CONGRESO NACIONAL DE ÁRIDOS

A COMG formou parte do comité organizador do V Congreso Nacional de Áridos, celebrado entre o 24 e o 26 de outubro en Santiago de Compostela e que foi organizado pola Federación de Áridos (FdA). O presidente e varios membros da xunta directiva traballaron durante 2017 e 2018 para que esta importante cita tivera o respaldo das administracións autonómicas e das empresas do sector. Ademais, a COMG participou coa exposición de dous relatorios.

A cita supuxo un éxito, xa que cerrou as súas portas cun bo balance de cifras, rexistrando a asistencia de máis de 800 congresistas de 15 países, e batendo récords de número de inscritos, expositores, patrocinadores, colaboradores e comunicacións presentadas.

O encontro, que se celebra cada tres anos, pretende ser un foro para o diálogo e a análise dos problemas do sector, coa participación da Administración, para impulsar a súa mellora.



Acto de clausura do Congreso, coa asistencia do presidente da Xunta de Galicia e os premiados.

O Congreso foi inaugurado por Martiño Noriega, alcalde de Santiago de Compostela; xunto ao presidente da Deputación Provincial da Coruña, Valentín González Formoso, ao director xeral de Enerxía e Minas da Xunta de Galicia, Ángel Bernardo Tahoces, ao subdirector xeral de Minas do Ministerio para a Transición Ecolóxica, Daniel Torrejón Braojos, ao presidente do Comité Científico, José Luis Parra y Alfaro e ao presidente da Federación de Áridos, José Lista Tasende.



O presidente da COMG, Juan de Dios Martín, no Congreso.

O acto finalizou coa entrega de premios ás empresas que destacaron polas súas boas prácticas, entre elas, as galegas Erimsa e Cementos Cosmos.

A clausura correu a cargo de Alberto Núñez Feijóo, presidente da Xunta de Galicia, que animou ao sector dos áridos a manter a súa conciencia ambiental.



O director da COMG, Diego López González, no Congreso.



A COMG no evento do Día das Árbores, organizado por Arigal.

DÍA DAS ÁRBORES E OS ÁRIDOS

O presidente e o director da COMG acudiron en representación do sector mineiro aos eventos do Día das Árbores, os Áridos e a Biodiversidade, que é organizado en Galicia por Arigal. Esta iniciativa organízase a nivel nacional polas asociacións de empresas de áridos de toda España desde hai 11 anos.

Con motivo da conmemoración, 120 escolares de Cariño e Touro (A Coruña) visitaron as canteiras dos seus respectivos municipios para coñecer de primeira man os procesos mineiros e realizar a plantación de especies frondosas nos terreos restaurados das explotacións.

MARCA AUGA DE GALICIA

A COMG asistiu á presentación da marca Auga de Galicia, unha iniciativa do Clúster da Auga Mineral e Termal de Galicia, que aglutina ás dúas asociacións empresariais galegas vencelladas á explotación do recurso: a Asociación de Balnearios de Galicia e a Asociación Galega de Empresas de Envasado de Auga Mineral Natural (Agamin). A marca conta ademais co apoio da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Esta iniciativa ten un gran potencial para difundir unha imaxe exterior da industria galega comprometida co desenvolvemento sostible, por canto



A COMG asistiu á presentación da marca Auga de Galicia.

balnearios e empresas de envasado de auga mineral natural están ofrecendo á sociedade un modelo de empresa sostible: axudan a mellorar a calidade de vida dos seus usuarios, non comprometen o futuro do recurso e dinamizan social e economicamente as comarcas nas que se atopan.

CREACIÓN DA MESA ECONOMÍA RURAL

A COMG formou, xunto aos colectivos do sector agrícola, forestal e gandeiro unha plataforma pola sostibilidade da economía do rural galego no primeiro semestre de 2018. Os obxectivos son a demanda de políticas medioambientais que teñan en conta as necesidades e dereitos de propietarios e veciños, e das actividades económicas que se desenvolven no territorio.

O manifesto proclama que “a lexislación ambiental dítase á marxe da poboación rural, que padece serias dificultades para manter as súas actividades produtivas e medio de vida”, que “a política de conservación continúa baseándose unicamente na prohibición de labores que constitúen o medio de vida dos habitantes rurais”.

A iniciativa xorde da preocupación pola proliferación de políticas de protección ambiental que non están tendo en conta as posibilidades dos distintos sectores produtivos de desenvolver a súa actividade de maneira compatible coa protección ambiental, sectores que xeran emprego e riqueza, factores indispensables para combater o abandono do rural e garantir unha protección real do medio.

Entre os asinantes figuran o sector agropecuario, con Unións Agrarias-UPA; o forestal, coa Asociación de Empresarios da Primeira Transformación da Madeira de Lugo, a Asociación Forestal de Galicia (AFG), a Asociación Sectorial Forestal Galega (ASEFOGA), a Asociación de Viveiros Forestais de Galicia (VIFOGA), o Clúster da Madeira e o Deseño de Galicia (CMD), a Federación Empresarial de Aserradores y Rematantes de Madeira de Galicia e a Confederación de Organizaciones de Selvicultores de España (COSE).

Por parte do sector mineiro, forman parte do grupo a COMG, o Clúster da Pizarra de Galicia, o Clúster do Granito, Arigal e a Confederación Española de Industrias Extractivas de Rocas y Minerales Industriales (COMINROC).

No marco desta iniciativa, no mes de xuño celebrouse en Santiago unha manifestación convocada por máis de 70 asociacións, entre as que se atopaba a COMG, para reivindicar o futuro do rural. Á manifestación asistiu o presidente da COMG, D. Juan de Dios Martín.



Manifestación en defensa do mundo rural galego.



Xornada de presentación do programa
O Emprego do Futuro.

XORNADA O EMPREGO DO FUTURO

A transformación dixital e a revolución tecnolóxica están transformando a economía e con ela tamén o mercado laboral. A Xunta de Galicia puxo en marcha o programa O Emprego do Futuro para a identificación das necesidades dos sectores económicos e a capacitación e a adaptación do talento. Membros da xunta directiva da COMG asistiron á xornada de presentación o 2 de outubro. Con este novo programa analizaranse os novos perfís profesionais que demanda a Industria 4.0 detectando competencias e capacidades co obxecto de elaborar o catálogo de accións formativas do emprego do futuro.



Congreso Quarries Alive 2018.

QUARRIES ALIVE 2018

A Cámara Oficial Mineira de Galicia presentou dúas comunicacións no congreso Quarries Alive 2018, que tivo lugar en maio na Universidade de Évora, en Portugal. Unha, sobre casos prácticos de restauración mineira en Galicia e outra centrada en estudos sobre a utilización da auga na recuperación de espazos mineiros. O encontro foi organizado pola Universidade de Évora, a Companhia Geral de Cal e Cimento (SECIL) e a Facultade de Ciéncias da Universidade de Lisboa. O obxectivo da iniciativa é tender pontes entre os proxectos de restauración de canteiras de todo o mundo, a través do intercambio de experiencias, enfoques e estudos innovadores.

Tamén participou no congreso Umberto Rosa, Director de Capital Natural na Dirección Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea, que destacou a importancia do sector como xerador de infraestruturas verdes na rehabilitación dos espazos afectados.



Sesión no Parlamento de Galicia.



A COMG, invitada nas reunións Min-Guide.

REUNIÓN COS GRUPOS PARLAMENTARIOS

Na súa función de agrupar e representar os intereses da minaría, a COMG solicitou reunións cos grupos do Parlamento de Galicia durante 2018 e mantivo reunións co Partido Popular de Galicia, o Partido Socialista de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego nos meses de abril e xuño.

O presidente, acompañado por membros da directiva, así como polo director da COMG reuniuse con deputados autonómicos con responsabilidades na Comisión 6ª de Industria.

Nestas citas, a COMG trasladou aos representantes públicos a importancia do sector, a súa contribución ao PIB galego, así como o seu impacto en número de postos de traballo, co obxectivo de contrarrestar as noticias negativas sobre o sector que adoitan aparecer nos medios. Pola súa parte, os grupos políticos informaron dos seus programas e iniciativas con respecto á minaría.

PARTICIPACIÓN NO MIN-GUIDE DA COMISIÓN EUROPEA

A COMG participa como invitada nas reunións de Min-Guide, un grupo de contacto sectorial creado pola Comisión Europea para dar orientación sobre política e lexislación en materia de minerais, facilitar a toma de decisións políticas en minaría e fomentar a creación de redes para a creación e xestión conxunta de coñecemento. Nel participan dez organizacións que representan nove países da UE, entre os que figura o Instituto Geológico y Minero de España (IGME).

A presenza nos encontros de 2018 de representantes da política, a industria, as enquisas xeolóxicas e a investigación favoreceu un intercambio intensivo e interactivo. Así, os asistentes puideron aprofundar en casos de boas prácticas, explorar a transferibilidade en diferentes contextos e reflexionar sobre futuras necesidades.

Ademais, desenvóléronse catro sesións paralelas centradas no coñecemento da minaría e dos minerais, o uso de estándares de datos na industria mineira, a información de minerais e lagoas e a licenza social para operar.



Establecemento de beneficio de granito. Meis (Pontevedra)

PADROADO DA FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DO GRANITO

A Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) forma parte do padroado da Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia, xunto ao Clúster do Granito, a Xunta de Galicia, o Concello do Porriño, a Universidade de Vigo e Galimac.

A Fundación dedícase principalmente a impulsar actividades relacionadas coa innovación, investigación e desenvolvemento tecnolóxico do sector do granito e demais pedras naturais, colaborando activamente con institucións públicas, concellos, universidades e empresas.

Entre os seus obxectivos está o apoio ao sector graniteiro mediante o fomento de investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico de procesos e produtos e o seu control de calidade; a promoción e defensa dun desenvolvemento sostible do sector graniteiro, protexendo o medio ambiente; a prestación do apoio tecnolóxico necesario para contribuír á internacionalización das empresas do sector graniteiro; a formación, orientación e asistencia tecnolóxica a entidades e particulares en canto ao sector do granito. En concreto, a Fundación xestiona o Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia co seu laboratorio.




Cuberta de lousa.

FORO SECTORIAL E INDUSTRIAL DE GALICIA

A COMG asistiu xunto a representantes doutras 17 asociacións empresariais ao I Foro Sectorial e Industrial de Galicia, celebrado en Vigo en xullo.

O evento desenvolveuse co obxectivo principal de achegar unha visión global da economía e a innovación, así como buscar sinerxías entre os diferentes sectores e industrias de Galicia. Na cita debateuse sobre a situación e os retos actuais da economía, entre eles a adaptación á economía dixital, a reforma do sector público ou os problemas demográficos. Ademais, reclamáronse inversións en Formación Profesional e fomentar a transferencia de coñecemento para avanzar dunha sociedade industrial cara a unha sociedade da información. O foro estivo organizado arredor de distintos paneis de discusión con temáticas concretas e asistiron un centenar de empresas a título individual.



Explotación de augas mineiro-medicinais. Cuntis (Pontevedra)

A COMG FORMA PARTE DOS SEGUINTE GRUPOS E ENTIDADES:

- A Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo.
- Padroado da Fundación Centro Tecnolóxico do Granito.
- A Comisión de Calidade da Universidade de Vigo.
- O Comité de Xestión Mineira Sostible da UNE.
- O Consello Galego de Economía e Competitividade da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.
- A Comisión de Apoio Técnico-Científico de Minas de San Finx.
- O Comité Científico e o Comité Económico e Social de Montañas do Courel.
- A Rede Europea de Minas e Canteiras Sostibles.
- A Plataforma de Tecnoloxías Ambientais.
- A Sociedade Española para a Defensa do Patrimonio Xeolóxico e Mineiro.
- The International Committee for the Conservation of the Industrial Heritage.
- A Plataforma Tecnolóxica Galega de Medioambiente.
- A Asociación para o Progreso da Dirección.

DEFENSA DO SECTOR

Dentro das funcións da Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG), que están recollidas nos artigos 5 e 6 do seu Regulamento de Réxime Interior, está a de “propoñer reformas lexislativas que contribúan ao fomento da minaría”. Para iso, unha das principais actividades da xunta directiva, dos comités de traballo e do equipo técnico durante 2018 foi a defensa dos intereses da minaría diante dos distintos reguladores.

A COMG mantén un contacto continuo e estreito coa Dirección Xeral de Enerxía e Minas, que como Administración mineira é o seu órgano tutelar. Así mesmo mantén un seguimento constante das actividades doutras administracións que poden afectar á actividade, como a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; así como coas administracións locais.

Explotación de áridos.



MONITORIZACIÓN DA ACTIVIDADE LEXISLATIVA

As administracións públicas xeran ao longo do ano un elevado volumen de decretos, regulamentos e leis que afectan á actividade extractiva. Para realizar un seguimento da actividade dos reguladores, a COMG destina importantes recursos técnicos e humanos.

O equipo técnico da COMG destinou durante 2018 máis de 200 horas de traballo a recoller información dos distintos soportes de comunicación pública, como o Diario Oficial da Unión Europea, o Boletín Oficial del Estado (BOE), o Diario Oficial de Galicia (DOG), así como os Boletíns Provinciais (BOP) das catro provincias.

Tras esta meticulosa labor de monitorización da actividade lexislativa, a COMG procede a tomar as medidas necesarias para a defensa dos intereses do sector. Informase ao Comité de Normas, para que analice os textos legais e emita recomendacións á xunta directiva.

ESTRATEGIA GALEGA DE CAMBIO CLIMÁTICO 2050

A Estrategia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 está chamada a ser a folia de ruta da Xunta para afrontar este fenómeno global. Durante o principio do ano 2018, a COMG continuou coa súa presenza activa nos procesos de participación abertos pola administración responsable, a Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. No primeiro semestre do ano participou na mesa de Enerxía e Industria e na presentación das conclusións das mesas de traballo. O Comité de Normas da COMG leva un seguimento das actuacións da Xunta para a posta en marcha desta Estrategia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, prevista para o 2019.

GUÍA DE COR E MATERIAIS DE GALICIA

A principios de 2018 a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio fixo xornadas de presentación da Guía de Cor e Materiais de Galicia, cuxo obxectivo é proporcionar criterios e directrices técnicas e obxectivas para a regulación das cores e materiais de revestimento arquitectónicos das doce grandes áreas paisaxísticas de Galicia.

Dende a COMG trasladouse na fase de elaboración, a preocupación do sector mineiro pola aplicación práctica da guía, concretamente pola determinación da cor dos produtos naturais, dada a falta de uniformidade dos mesmos. Ao tempo de sinalar a importancia deste documento para o fomento do uso de materiais autóctonos tradicionais na construción tales como granito, tella e lousa.

INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

O equipo técnico da COMG ten un programa de seguimento das normas de ordenación territorial que se van poñendo en fase de información pública, co obxecto de informar aos socios que posúan dereitos mineiros concernidos, avaliar o posible impacto que as novas propostas poden ter neles, e presentar alegación en defensa dos dereitos mineiros, se fose oportuno.

Despois das correspondentes análises e de efectuar consultas con socios de COMG concernidos por cada un dos planes, presentáronse alegacións aos seguintes Plans Xerais de Ordenación Urbana (PXOM).

- Concello da Fonsagrada
- Concello do Porriño
- Concello de Vilagarcía de Arousa
- Concello de Cabana
- Concello de Ponte Caldelas
- Concello de Verín

Ademais fixéronse alegacións aos seguintes Plans Reitores de Usos e Xestión (PRUX):

- Parque Nacional Illas Atlánticas
- Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carragal e Vixán
- Parque Natural O Invernadeiro
- Parque Natural Serra da Enciña da Lastra
- Parque Natural Monte Aloia



Explotación de granito. O Porriño (Pontevedra)

Contrariamente á Lei 3/2008, de ordenación da Minería de Galicia e ao Decreto 37/2014, polo que se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, os PRUX están a establecer a prohibición xenérica de actividades extractivas por consideralas incompatibles coa protección do medio. Ademais de denunciar esta circunstancia, a COMG sinalou aos distintos equipos redactores a postura da Comisión Europea, reflectida no documento orientativo de actividades extractivas non enerxéticas e Rede Natura 2000, onde se procura a compatibilización de ambas as actividades.

Tipo de Plan	Documentos revisados
PXOM	39
PRUX	4
Parques eólicos	24
Outros plans	77
TOTAL	144
2,8 plans cada semana	



Explotación de augas mineiro-medicinais. Lugo

LEI DE APROVEITAMENTO LÚDICO DAS AUGAS TERMAIS

En 2017 a Consellería de Economía, Emprego e Industria a través da Dirección Xeral de Enerxía e Minas iniciou o trámite de redacción dunha nova norma para as augas minerais: o borrador da Lei de Regulación do Aproveitamento Lúdico das Augas Termais de Galicia. Os seus obxectivos son:

- Regular dunha maneira integral o aproveitamento para uso lúdico das augas termais que abrollen en Galicia.
- Garantir a salubridade, a seguridade e un aproveitamento lúdico ordenado e sustentable das augas termais, para os efectos de evitar un uso incorrecto ou irracional do recurso e a conseguinte degradación da súa calidade.
- Valorizar a condición das augas termais como recurso natural, patrimonial, cultural, industrial, turístico e lúdico, así como promover o desenvolvemento económico e social dos municipios onde tales augas abrollan.

O equipo técnico da COMG traballou conxuntamente coa Asociación Galega da Propiedade Balnearia, na súa condición de membro, pola defensa e protección das augas minerais e os dereitos de aproveitamento existentes. Así en marzo de 2018 fixéronse alegacións por escrito e mantívose unha reunión de traballo cos máximos representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

En novembro de 2018 a COMG participou na primeira reunión do Comité Executivo de Desenvolvemento Mineiro, na que se expuxo de maneira aberta unha condición indispensable para a defensa do sector: que non se permita o aproveitamento lúdico de emerxencias artificiais dentro dos perímetros de protección dos aproveitamentos de augas minerais outorgados por persoas distintas aos titulares.

A principios de 2019 a norma aínda non iniciara o seu trámite parlamentario.

PLAN BÁSICO AUTONÓMICO

En agosto de 2018 aprobouse o Plan Básico Autonómico (PBA), un novo instrumento urbanístico formulado pola Consellería de Medio Ambiente co obxectivo de plasmar sobre o territorio a complexa realidade da normativa sectorial e dos instrumentos de ordenación do territorio. Constitúe o paso intermedio para a elaboración dos plans básicos municipais para os concellos de menos de 5.000 habitantes que aínda non contan con plan urbanístico. Así, este Plan será de aplicación naqueles concellos que carezan de plan xeral e terá carácter complementario do plan municipal naqueles concellos que dispoñan del, para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do plan municipal vixente.

En 2017 a COMG, como representante do sector, presentou alegacións ao borrador inicial do PBA, sendo aceptadas a maioría, ben na súa totalidade ou parcialmente. Estas son as propostas que se tiveron en conta:

- Evitar a adopción de medidas ou instrumentos, que con carácter xeral limiten a actividade mineira en amplas áreas do territorio, facendo fincapé en estudar, caso a caso, os intereses concorrentes.
- Incluír os dereitos mineiros, por ser bens de dominio público, nos planos de delimitación das afeccións sectoriais, do mesmo xeito que se fai con augas, costas ou montes.
- Permitir a actualización da información contida no PBA e os seus planos mediante consultas á Administración que corresponda.
- Contemplan como posible construcións e edificacións vinculadas ás explotacións industriais debidamente autorizadas conforme á súa lexislación sectorial.
- Eliminar a prohibición de carteis, valos, postes ou estruturas metálicas de soporte que perturban a visión panorámica, permitindo a súa instalación tomando como referencia as guías da Colección Paisaxe Galega.

Con todo, a Administración denegou permitir a implantación de industrias e actividades vinculadas á explotación racional dos recursos naturais en solo rústico, sempre que sexan autorizadas conforme á lexislación sectorial de aplicación, co obxectivo de contribuír á fixación de poboación ao medio rural.



Explotación de áridos. Salvaterra do Miño (Pontevedra)

DIRECTRICES DA PAISAXE DE GALICIA



Explotación de caolín. Vimianzo (A Coruña)

Entre 2017 e 2018 a COMG velou polos intereses do sector ante os sucesivos borradores das Directrices da Paisaxe de Galicia, propostos pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio no marco da Lei de protección da paisaxe de Galicia.

A COMG estivo presente nos procesos de participación abertos. Ademais, o Comité de Normas elaborou alegacións en forma de amplos documentos. Así mesmo, a directiva mantivo unha decena de reunións co Instituto de Estudos do Territorio, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A postura da COMG, como representante do sector mineiro en Galicia é que o recurso mineiro é un ben de dominio público cuxa explotación non se debe prohibir de xeito xenérico e aposta, unha vez máis, pola ponderación caso a caso a prol da compatibilización dos intereses mineiros e ambientais.

O sector mineiro apunta os numerosos exemplos que hai en Galicia de antigas minas restauradas con éxito e destaca o lago das Pontes, xa que foi declarado como unha das Áreas de Especial Interese Paisaxístico, así como que o 23% das 211 Áreas de Especial Interese Paisaxístico do Catálo-

go da Paisaxe de Galicia inclúen dereitos mineiros de explotación ou aproveitamentos outorgados.

A finais de 2018 as Directrices da Paisaxe de Galicia seguían en fase de redacción no Instituto de Estudos do Territorio.

PILOTO DE MELLORA PAISAXÍSTICA NA CORUÑA

En agosto de 2018 a Consellería de Medio Ambiente anunciou a súa intención de realizar un estudo piloto para deseñar propostas de mellora e integración paisaxística no lugar da Estibada, situado entre os concellos de Arteixo e A Coruña. De forma inmediatea, a COMG puxo xa en marcha os mecanismos para facer un seguimento do proxecto e das súas implicacións, co obxectivo de proceder á defensa dos dereitos mineiros que puidesen verse afectados.

Así, a entidade informou do proxecto aos titulares de dereitos mineiros nas áreas da Coruña e Arteixo e púxose a disposición dos seus membros para prestarlles calquera asesoramento que necesiten respecto diso, xa que as determinacións dos estudos poderían influír no desenvolvemento de actividades extractivas.



Explotación de áridos. Arteixo (A Coruña)

DECRETO DE INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio comezou en 2018 a tramitación do novo Decreto de Inspección Ambiental de Galicia.

Este Decreto consiste no desenvolvemento xurídico da inspección ambiental de Galicia, que exercerá as súas funcións naquelas instalacións e actividades susceptibles de afectar ao medio ambiente que se atopen ou se desenvolvan no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Cámara Oficial Mineira de Galicia remitiu alegacións ao respecto co obxectivo de defender os intereses do sector mineiro. Nelas solicitou que se informe ás persoas interesadas da clase de inspección da que se trate, así como que a selección das actividades ou instalacións a inspeccionar se leve a cabo de maneira aleatoria.

Asemade, a COMG solicitou que se engada un punto relativo ás inspeccións das cales non cabe sanción e outro relativo ao cumprimento, por parte dos inspectores, da normativa en prevención de riscos laborais de ditas actividades ou instalacións a inspeccionar.

Ao peche do 2018, o Decreto de Inspección Ambiental de Galicia segue o seu trámite e aínda non está en vigor.

ESTRATEGIA DE INFRAESTRUTURA VERDE

A Xunta impulsa desde 2017 a Estrategia de Infraestrutura Verde de Galicia, que busca deseñar e planificar de forma integrada o territorio combinando a protección de servizos ecosistémicos coa mitigación e a adaptación ao cambio climático. Constitúe una rede de zonas naturais e seminaturais planificadas estratexicamente, ademais doutros elementos ambientais, para xestionar de forma sostible os servizos proporcionados polos ecosistemas.

Dadas as repercusións que a estratexia pode ter no desenvolvemento da actividade mineira, a COMG participou activamente durante 2018 no proceso de participación pública liderado polo Instituto de Estudos do Territorio, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Persoal técnico da COMG asistiu a media ducia de encontros, reunións e obradoiros nos que defendeu ao sector. Así mesmo, promoveu entre os seus socios a participación na consulta pública dixital e a asistir aos distintos encontros.

Ademais, foi axente activo do encontro sectorial Minas e Enerxía organizado o 29 de xuño. Nesta cita, os profesionais do sector mineiro galego coñeceron as oportunidades que pode xerar a Infraestrutura Verde, os seus obxectivos, así como as propostas para conseguilos. Da mesma maneira, o equipo redactor da Estrategia de Infraestrutura Verde de Galicia coñeceu de forma directa a postura do sector de acordo a unha posible limitación ou prohibición da minaría nestas áreas, ou un aumento da tramitación administrativa. A COMG trasladou aos redactores da Estrategia que a Unión Europea considera as canteiras restauradas como elementos importantes das infraestruturas verdes europeas.

A finais de 2018 o proxecto seguía en fase de elaboración.



Un futuro cheo de recursos. Carla Carballal Abal.
Certame de fotografía Enfoca.RME 2018

LEI DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA

A Xunta acordou no seu Consello do 6 de setembro de 2018 comezar a tramitación da nova Lei de Ordenación do Territorio de Galicia (LOT), redactada pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) remitiulle á Xunta con antelación unha serie de alegacións do sector mineiro cando aínda era un anteproxecto. Nelas apuntou a necesidade de incluír os recursos xeolóxicos e a subministración de materias primas minerais entre as que deben ser tidas en conta na planificación territorial e na definición das áreas que deban ser obxecto de especial protección.

Ademais, a COMG demandou a eliminación de diferentes artigos nos que se prima a conser-


vación da paisaxe fronte á actividade económica que é clave para paliar o despoboamento do medio rural. Finalmente, mostrou o seu desacordo coa substitución da información pública por procesos de participación social sen definir. Pediu tamén que se elimine a indefinición que representan “outras formas que se habiliten para fomentar a participación cidadá” no artigo referido ao dereito de participación nos procesos de tramitación e aprobación dos instrumentos da planificación territorial.

A 1 de xaneiro de 2019, a Lei de Ordenación do Territorio de Galicia segue o seu trámite e aínda non chegou a trámite no Parlamento de Galicia.

ASISTENCIA TÉCNICA

A Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) cumpre unha función básica no sector da minaría en Galicia achegando información útil e actualizada sobre todos os aspectos legais, administrativos e técnicos que rodean á minaría. A COMG atende a consultas formuladas tanto polos seus socios, como pola Administración, empresas mineiras, entidades relacionadas coa minaría, particulares concernidos e medios de comunicación.


Consultas atendidas pola Cámara en 2018: **173**



SOLICITANTES:

- Administración
- Socios
- Empresas
- Entidades
- Particulares

Documentos emitidos pola Cámara en 2018: **70**



DESTINATARIOS:

- CEEI (Consellería de Economía, Emprego e Industria)
- CMAOT (Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio)
- Interno
- Outros

Establecemento de beneficio de magnesita. O Incio (Lugo)



Aplicación web do Catastro Mineiro de Galicia.

PARTICIPACIÓN NOS COMITÉS MINEIROS DA UNE

A COMG forma parte desde 2018 do Comité Técnico de Normalización Minería e Explosivos (CTN 22) da Asociación Española de Normalización (UNE) e do seu subcomité de Xestión Mineira Sostible. UNE é o único Organismo de Normalización en España e como tal foi designado polo Ministerio de Economía, Industria e Competitividade ante a Comisión Europea, e é o representante español nos organismos internacionais ISO.

O labor destes organismos é a normalización de especificacións referentes aos materiais, equipos e prácticas, utilizados na actividade mineira; a elaboración de indicadores de xestión mineira sostible; e caracterización de minerais (nomenclatura, métodos de mostraxe, ensaios e especificacións de calidade...), entre outras.

En concreto, durante o 2018 as accións orientáronse á definición de novos indicadores de procesos metalúrxicos e a adaptación a criterios internacionais ISO das normas UNE.

MANTEMENTO E ACTUALIZACIÓN DO CATASTRO MINEIRO

O Catastro Mineiro de Galicia é unha aplicación web desenvolvida pola Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) e a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Xunta de Galicia na que se describe a situación xeográfica e administrativa dos dereitos mineiros existentes, en base a tipo de dereito, titular, localización, extensión, demarcación, prazo de vixencia e estado de tramitación.

O Catastro Mineiro de Galicia é unha ferramenta de apoio á planificación mineira e ordenación do territorio, que ten por obxecto favorecer o aproveitamento ordenado e eficiente dos recursos minerais, así como facilitar a harmonización e compatibilización da minaría con outros usos do solo, garantindo o desenvolvemento sostible do sector.

Para o seu mantemento técnico, a COMG destina máis de 1.000 horas do seu persoal para a actualización constante da súa base de datos.

DEFENSA E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO MINEIRO

Na xunta directiva de 25/1/18 aprobouse a constitución da Comisión do Patrimonio e Historia Xeolóxico Mineira da COMG. A súa misión é defender e poñer en valor tanto a historia como o patrimonio xeolóxico e mineiro de Galicia, desde a Prehistoria ata o presente.

Este novo grupo de traballo, cun marcado carácter cultural, coordinou co Instituto Xeolóxico e Mineiro de España, a edición dun libro de Patrimonio Mineiro, que reflicte unha parte do activo científico, turístico, paisaxístico, ambiental, e cultural deixado polo sector en Galicia. Tamén se deseñaron 16 rutas por zonas de interese xeolóxico e mineiro das catro provincias, que permiten o goce da natureza en contacto co patrimonio xeolóxico e mineiro.

O traballo de patrimonio mineiro atópase na páxina web da COMG.

CONVENIO CO IGME

O Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (IGME) e a Cámara Oficial Mineira de Galicia asinaron un acordo polo que se crea a Unidade de Recursos Minerais de Galicia (URG) composta por investigadores e técnicos de ambas as institucións.

O obxectivo fundamental da creación desta Unidade é dar resposta a algúns dos retos da explotación, produción e abastecemento de materias primas minerais, que habitualmente non se desenvolven nas investigacións convencionais de I+D pero de grande interese para as administracións públicas con competencias en materia de minaría.



De esquerda a dereita, o presidente da COMG, Juan de Dios Martín; o alcalde de Laxe, José Manuel Mouzo; o director xeral de Cavisa, Juan José López; e o concelleiro de Turismo de Laxe, Xosé Manuel Pose, durante a sinatura do acordo.

ACORDO CO CONCELLO DE LAXE

O Concello de Laxe, a Cámara Oficial Mineira de Galicia e a empresa mineira Caolines de Vimianzo (Cavisa) asinaron un acordo para a promoción do importante patrimonio xeolóxico e mineiro deste municipio coruñés. Trátase así de potenciar Laxe como destino científico e turístico, a través da realización de actividades formativas, de investigación, culturais e recreativas relacionadas coa xeoloxía e a minaría.

A primeira actividade realizada ao abeiro deste acordo foi a mesa redonda 'A mina de caolín de Laxe, un recurso turístico', na que os expertos puxeron de manifesto a relevancia da figura de Isidro Parga Pondal como descubridor, a finais dos anos 30, dun novo filón de caolín en Laxe.

SERVIZO DE INFORMACIÓN PARA MEMBROS

Ademais dos servizos de información e asistencia técnica a demanda, dispoñemos de servizos de carácter periódico para os nosos membros.

A Cámara mantense en continuo contacto cos seus socios, remitíndolles información de proxectos, servizos e calquera actividade que poida ser do seu interese (convocatorias de axudas, xornadas, novidades lexislativas, etc.), e tamén coa administración mineira galega e con outras entidades do sector (Colexios, Asociacións, etc.).

52 DOSSIERES NORMATIVOS

Os dossieres normativos son recompilacións semanais de todas as normas publicadas que teñen afección coa actividade mineira a nivel europeo, nacional, galego e provincial.

45 AXENDAS

Con carácter semanal remítese unha compilación dos cursos, xornadas e eventos de interese para o sector mineiro organizadas polo Igape, CEG e outros axentes económicos de Galicia.

15 ALERTAS INDIVIDUALIZADAS

De xeito individual, os membros da COMG son alertados daquelas novidades relativas a lexislación que lles poidan afectar directamente.

85 CIRCULARES

De xeito puntual, emítense circulares dirixidas aos membros sobre a normativa, eventos ou accións que pola súa relevancia ou especial afección deben ser recibidas de xeito urxente.

14 BOLETÍNS

O Boletín da COMG, de periodicidade quincenal, é unha compilación da información relacionada coa actividade ordinaria, a actualidade do sector e das empresas galegas.

362 DOSSIERES DE PRENSA

A COMG envía diariamente un resumo das noticias relacionadas co sector publicadas nos medios de Galicia e do Estado, tanto de información xeral como económica.

MEDIO AMBIENTE

A minaría moderna é absolutamente garantista co medio. A maioría dos residuos mineiros non son prexudiciais para o medio ou a saúde humana. O resto, son tratados de acordo a unha estrita legalidade.

As modificacións do terreo causadas pola minaría propiciaron a aparición de novos ecosistemas (cantís ou humidais) que permitiron o asentamento de novas especies e un aumento da biodiversidade.

Explotación de arxila
rehabilitada. Mesía (A Coruña)



Explotación de lignito rehabilitada. Cerceda (A Coruña)

PROPOSTA DE PROTOCOLO PARA PACTOS AMBIENTAIS

O pacto ambiental é a figura utilizada para definir acordos voluntarios aos que poden chegar a Administración e as entidades para planificar as melloras ambientais que se van realizar nas instalacións da empresa. O pacto ambiental permite tamén establecer pautas de adaptación das empresas á normativa ambiental e mesmo promover estratexias de carácter local ou comarcal como instrumento orientado á harmonización de posibles conflitos entre valores ambientais e indus-

trias, compatibilizando as medidas correctoras co principio de viabilidade das empresas.

A Xunta Directiva da COMG aprobou a creación dun grupo de traballo para a elaboración dun documento marco, consensuado coas administracións públicas de protocolos ambientais, que se lle presentará ás empresas socias da COMG. A finais do 2018, o Comité de Normas estaba traballando aínda na proposta.

XORNADAS SOBRE GARANTÍAS FINANCEIRAS EN RESTAURACIÓN

A Cámara Oficial Mineira de Galicia convocou ao sector mineiro galego en Santiago para abordar o novo marco normativo que representa a Lei de implantación empresarial, en especial no que se refire ás garantías para a rehabilitación de espazos mineiros. Máis de 70 persoas asistiron ao encontro, organizado co apoio da Consellería de Economía, Emprego e Industria e a colaboración da correduría de seguros Peris Iberia.

O presidente da Cámara, D. Juan de Dios Martín Aparicio, abriu a xornada cunha intervención na que afirmou que a minaría galega busca garantir restauracións ao servizo da sociedade.

TRAMITACIÓN DE DEREITOS

Tras a apertura, o director da Cámara Oficial Mineira de Galicia, D. Diego López González, abordou as novidades introducidas polo novo marco normativo na Lei da Minaría de Galicia canto á tramitación dos dereitos mineiros.

A continuación, o asesor xurídico da Cámara, D. Julio César Valle Feijóo, afondou na obriga de restauración dos espazos mineiros.

PROMOCIÓN DO XEOPARQUE MONTAÑAS DO COUREL

Os concellos lucenses de Ribas de Sil, Quiroga e Folgoso do Courel promoven a candidatura Montañas do Courel para que sexa declarada Xeoparque Mundial da Unesco. Durante 2018 o proceso de avaliación por parte do organismo internacional intensificouse coa visita de dous inspectores e o avance nas tramitacións.

A COMG apoia esta candidatura de maneira intensa desde hai anos, coa participación no comité científico da candidatura. O fío condutor desta proposta de Xeoparque é a unión indisoluble dos humanos coa xeoloxía.



O Courel.



Canteira de áridos.

REDACCIÓN DUNHA GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS PAISAXÍSTICAS

Froito da estreita colaboración co Instituto de Estudos do Territorio na elaboración das directrices de paisaxe, a COMG colabora coa Consellería de Medio Ambiente a través dun convenio asinado en 2018 para a redacción dunha Guía de boas prácticas para a integración paisaxística das actividades extractivas, unha ferramenta que axudará á integración na paisaxe, con criterios de calidade, deste tipo de actividades mineiras. É un instrumento específico para a xestión da paisaxe recollido na planificación da Estratexia da paisaxe galega 2017-2020. Formará parte da Colección paisaxe galega, integrada por documentos de carácter técnico sobre temáticas concretas que teñen o obxectivo de establecer criterios sobre integración paisaxística en diversos campos de actuación.

A COMG, a Xunta de Galicia -a través do Instituto de Estudos do Territorio e a Dirección Xeral de Enerxía e Minas- e a Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo colaborarán na

redacción desta guía, que servirá de ferramenta para compatibilizar minas e paisaxe.

A guía referirase ás medidas de integración paisaxística en explotacións mineiras e extractivas, distinguindo entre as fases ou obxectos principais do proceso. Así, definiranse medidas de integración durante os labores previos e o proceso de investigación; medidas de integración durante o proceso de explotación -incluíndo a selección das zonas de extracción e o método de explotación-; a localización e medidas de integración das instalacións e establecementos; dos residuos mineiros e criterios para o deseño do plan de restauración tras a finalización da explotación.

Como resultado deste estudo, a guía detallará as solucións que se consideren máis interesantes para a súa aplicación en Galicia, indicando para cada unha o tipo de explotación á que se aplicaría, o tipo de medida (preventiva, correctora, compensatoria) e a descrición das medidas de integración paisaxística.



Método tradicional. Aarón Comesaña Barbolsa.
Certame de fotografía Enfoca.RME 2018

SEGURIDADE E SAÚDE

O compromiso da Cámara coa seguridade e a saúde laboral dos traballadores do sector mineiro levounos xa en 2010 a poñer en marcha o Observatorio da Seguridade Mineira, creado co apoio da Consellería de Economía, Emprego e Industria e coa colaboración do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA).

A través desta ferramenta analizamos e avaliamos os datos de sinistralidade, así como a súa evolución temporal para definir a casuística e causalidade da sinistralidade laboral e das enfermidades profesionais.

Támén elaboramos estudos e informes en materia de seguridade e saúde mineira para informar e sensibilizar ao sector sobre as prácticas preven-

tivas axeitadas en función da problemática observada. E asesoramos á Administración e aos empresarios do sector na elaboración, seguimento e avaliación das medidas de seguridade.

Todo coa finalidade final de diminuír a sinistralidade e mellorar as condicións de seguridade e salubridade das explotacións mineiras galegas.

Co obxectivo de defender os intereses do sector, en 2018 a COMG volveu solicitar ao Ministerio para a Transición Ecolóxica (MITECO) a súa inclusión na Comisión Nacional de Seguridade Mineira, un organismo ao que podería incorporarse por delegación dalgúns dos seus membros actuais.



PLAN AUTOPROTECCIÓN MODELO

A COMG, coa colaboración dunha consultora especializada, elaborou un plan de autoprotección modelo para cada un dos seis procesos produtivos máis representativos das explotacións mineiras galegas: áridos, cerámica, granito, augas mineiras, lousa e minaría de interior.

O obxectivo destes plans de autoprotección modelo é identificar e avaliar os riscos presentes nas instalacións que poidan dar lugar a unha situación de emerxencia, propoñendo un organigrama, procedementos de actuación, accións e medidas necesarias para a prevención e o control dos devanditos riscos, así como as medidas de protección e outras actuacións de intervención a adoptar en caso de emerxencia.

Estes plans de autoprotección modelo elaboráronse conforme ao contido mínimo establecido na normativa de aplicación, en concreto no RD 393/2007 polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección e o Decreto 171/2010 sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia.

O documento está a disposición dos membros da COMG.

MANUAL DE BOAS PRÁCTICAS ERGONÓMICAS NO SECTOR MINEIRO

A COMG, coa colaboración dunha consultora especializada, elaborou un manual de boas prácticas ergonómicas no sector mineiro para cada un dos seis procesos produtivos máis representativos das explotacións mineiras galegas: áridos, cerámica, granito, augas mineiras, lousa e minaría de interior.

O obxectivo destes manuais consiste en mellorar as prácticas preventivas en materia de riscos laborais, fomentando a mellora das condicións de traballo a través da modificación da conduta dos propios traballadores xa que, a principal razón é que moitos riscos ergonómicos están directamente relacionados cun inadecuado desenvolvemento das tarefas.

Por iso, pretendeuse articular un plan de información mediante o cal os empresarios e traballadores sexan capaces de identificar os riscos e localizar as causas que os orixinan, así como a concienciación de todo o persoal sobre a importancia da prevención dos riscos músculo-esqueléticos.

Os manuais están a disposición dos membros da COMG.



PREVENCIÓN DA SILICOSE

Unha das principais enfermidades laborais do sector mineiro é a silicose, derivada da exposición dos traballadores ao po de sílice cristalina respirable. A COMG, desde a súa fundación hai case un século, está concienciada con ela, traballa para mitigala e para diminuír a súa incidencia entre os profesionais, o que afecta á súa calidade de vida.

Durante 2018 a COMG dedicou unha parte moi importante dos seus esforzos para a prevención da silicose. Así mantivéronse reunións co ISSGA, a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o Instituto Nacional de Silicose en Oviedo, redactáronse infor-

mes sobre a materia para distintos organismos públicos e presentouse un relatorio no V Congreso Nacional de Áridos, celebrado en Santiago en outubro.

Por indicación do comité de normas, en novembro realizáronse achegas en forma de documento enviado ao Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social de España sobre a transposición da Directiva (UE) 2017/2398 de exposición a axentes carcinóxenos.

Esta Directiva modifica os valores límite de determinados axentes e incorpora outros novos cos

seus correspondentes valores límite, como é o caso da Sílice Cristalina Respirable.

A COMG solicitou que se respecte o disposto na ITC 2.0.02 'Protección dos traballadores contra o po, en relación coa silicose, nas industrias extractivas' e, concretamente os valores límites ambientais. Asemade, solicitou que o novo Real Decreto mantéña o valor límite establecido no Anexo III da Directiva 2017/2398 que se pretende traspoñer.

Xa en 2019, na fase de consulta pública, comprobouse que o valor límite reflexado no novo Real Decreto non se correspondía co sinalado na directiva 2017/2398. De novo, a COMG presentou alegacións solicitando:

- Que se manteña a homoxeneización da lexislación española coa do conxunto da UE.
- Que se manteñan os valores límite previstos na citada Directiva e de acordo ao Pleno da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo sobre a adopción do mesmo valor límite que determinase a Unión Europea unha vez que finalizasen os estudos previos pertinentes para a adopción da Directiva.
- Que se engada unha nota relativa aos traballos que supoñan a exposición ao po respirable de sílice cristalina xerado nun proceso de traballo na que se recolla o acordo social europeo sobre a protección da saúde dos traballadores a través da adecuada manipulación e o bo uso da sílice cristalina e dos produtos que a conteñen (NEPSI).
- Que se engada un apartado relativo á inclusión por parte do Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, nas súas guías, criterios técnicos para determinar en que medida a exposición a un axente en concentracións baixas pode dar lugar a un risco para a saúde.

O RD aínda segue en fase de redacción no Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social de España.



Explotación de áridos. Melide (A Coruña)

ESTADÍSTICAS DE SEGURIDADE E SAÚDE

Co obxectivo de mellorar as prácticas preventivas en materia de riscos laborais, a COMG desenvolveu en 2018 o proxecto de Estatísticas de Seguridade e Saúde, que consistiu na elaboración das estatísticas de sinistralidade do sector mineiro, a través do Observatorio de Seguridade Mineira ata 2017; a análise da exposición dos traballadores ao po de sílice no ano 2017; a páxina web do Observatorio de Seguridade Mineira, na que ademais das estatísticas se inclúe documentación, lexislación e boas practicas en materia preventiva.



Preparación dunha voadura nunha explotación de áridos.

ITC. MIE. S.M. 02.0.01 – PERSONA RESPONSABLE E DIRECCIÓN FACULTATIVA

En xuño de 2018 a Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) participou na elaboración do borrador da ITC. MIE. S.M. 02.0.01 'Persoa responsable e dirección facultativa' por parte do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

A COMG remitiu unha serie de alegacións nas que puxo de manifesto a falta de necesidade da creación da figura de persoa responsable e do establecemento dun límite temporal para a comunicación e substitución da dirección facultativa, así como a inadecuación dos aspectos considerados para a regulación das unidades de explotación a cargo dun director facultativo.

Por todos eses motivos, a COMG propuxo, ademais de substituír varios puntos do borrador polos da

ITC vixente, cambiar o nome da dita ITC polo de ITC. MIE. S.M. 02.0.01 'Dirección facultativa e persoa responsable auxiliar' substituíndo todas as referencias relativas á persoa responsable polas de director facultativo.

Asemade, solicitou a modificación de diversos puntos co obxecto de eliminar varias obrigas relativas á presenza da figura de persoa responsable no centro de traballo sempre que exista actividade, o visado do seu nomeamento polo colexio profesional e a comunicación, con quince días de antelación, da substitución da dirección facultativa.

En xaneiro de 2019, o Ministerio para a Transición Ecolóxica, abriu unha consulta pública previa para a modificación da citada ITC.

FORMACIÓN

Unha das principais funcións da Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) é fomentar o ensino da minaría e a cualificación dos profesionais do sector, tanto a través da formación regulada como de accións formativas puntuais. Todo iso co obxectivo de garantir unha constante actualización dos coñecementos precisos para desenvolver cada labor coas máximas garantías.

A COMG mantén unha estreita colaboración coas universidades galegas e, en especial, coa Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía de Vigo. Tamén desenvolve e apoia accións de formación dirixidas aos traballadores do sector mineiro, especialmente no ámbito da prevención. Trátase así de conseguir que os profesionais teñan a capacitación precisa para satisfacer as necesidades das empresas e, en xeral, dunha actividade capaz de adaptarse ás esixencias dos novos tempos.

Vertical Slope. Aarón Comesaña Barbolsa.
Certame de fotografía Enfoca.RME 2018

FORMACIÓN UNIVERSITARIA

A COMG participa de forma estreita na vida universitaria galega, en especial con dúas institucións, o Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal, adscrito á Universidade da Coruña, e a Universidade de Vigo, en especial coa Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

O director da COMG participa, en representación das empresas e institucións empregadoras, da Comisión de Calidade da Universidade de Vigo, que ten as competencias para tratar as cuestións relacionadas coa planificación, o desenvolvemento e a avaliación da calidade. Ten como funcións principais contribuír á definición e facer o seguimento do sistema de xestión de calidade da Universidade de Vigo, da súa política e dos seus obxectivos de calidade, así como dos seus resultados.

Ademais, forma parte da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, o sistema de garantía interno para a avaliación, seguimento e mellora da calidade da oferta formativa.



Acto de graduación dos alumnos do Mestrado en Enxeñaría de Minas da Uvigo.

A COMG participa cada ano no Foro Tecnolóxico de Emprego, unha iniciativa creada polas delegacións de alumnos das Escolas de Enxeñaría de Telecomunicación, Industriais e Minas da Universidade de Vigo, para traballar nun proxecto para facilitar o achegamento laboral das empresas aos futuros titulados de enxeñaría.

FORMACIÓN PROFESIONAL

Galicia carece de centros de Formación Profesional en industrias extractivas. Por este motivo representantes da Cámara Oficial Mineira de Galicia e de Arigal traballan nos últimos anos na implantación da titulación de formación profesional de grao medio de Técnico en Escavacións e Sondaxes.

Con este fin en 2018 mantivéronse reunións coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, coa Consellería de Economía, Emprego e Industria, así como co Concello das Pontes, lugar que podería acoller a sede do ciclo de FP.

FORMACIÓN CONTINUA

A Cámara Oficial Mineira de Galicia impartiu en 2018, co apoio do Ministerio de Enerxía, Turismo y Axenda Dixital, un total de 8 cursos de seguridade e saúde para os traballadores do sector, que suman 159 horas formativas para 306 profesionais.

Unha parte (4 cursos, 95 horas, 125 persoas) enmárcanse no programa de formación preventiva para o desempeño do posto de traballo da ITC 02.1.02 e as especificacións técnicas que a desenvolven, e teñen carácter obrigatorio. Foron os módulos de operario de maquinaria de transporte e operario de maquinaria de arranque; persoal de

investigación, arranque e mantemento; e de plantas e oficinas.

O resto dos cursos de formación (4 cursos, 64 horas, 183 persoas) foron sobre riscos de seguridade, hixiénicos e ergonómicos, e centráronse na protección dos traballadores contra o po e as lesións físicas, ademais de formación en primeiros auxilios, formando a un total de 90 traballadores.

Os cursos tiveron lugar nas localidades da Coruña, Santiago, Touro, Arteixo, Frades, na provincia da Coruña; Ourense e Viana do Bolo, en Ourense e na localidade pontevedresa de A Cañiza.



Alumnos nun programa de formación.



Alumnos nun programa de formación da ITC.



Alumnos nun programa de formación da ITC.



Cursos de seguridade mineira.

COMUNICACIÓN



A COMG conta cun equipo de comunicación que se encarga das relacións coa sociedade a través de distintas canles. Así, en 2018 atendéronse un gran número de solicitudes de información de medios de comunicación e emitíronse seis notas de prensa. Derivadas delas, distintos medios reflexaron informacións sectoriais, da COMG e entrevistas co presidente e o director.

En 2018 a COMG acometeu a remodelación da súa páxina web, tanto na súa parte pública como no xestor documental privado, así como o rediseño da súa imaxe corporativa. A través da web, a COMG difunde ademais información de interese para a sociedade e noticias de actualidade do sector.

Establecemento de beneficio de lousa.
A Fonsagrada (Lugo)

O-VILARCHAO



De esquerda a dereita: Fernando Herranz e a súa familia, Angel Bernardo Tahoces, Juan de Dios Martín, Felipe Macías e Diego Casal.

FESTIVIDADE DE SANTA BÁRBARA 2018

A comunidade mineira celebrou o 30 de novembro en Santiago de Compostela a súa patroa, Santa Bárbara, cunha ampla representación institucional e empresarial.

Convocados pola Cámara Oficial Mineira de Galicia, os asistentes compartiron unha xornada festiva que comezou coa tradicional ofrenda á patroa durante a Misa do Peregrino na Catedral de Santiago, despois cun xantar no Hostal dos Reis Católicos, que culminou coa entrega dos premios Santa Bárbara.

Nesta duodécima edición resultaron merecedores ex aequo do premio Traxectoria Fernando Herranz

–impulsor da mina de Meirama– e Felipe Macías –catedrático da USC e especialista en rehabilitacións mineiras mediante tecnosoles–.

Na modalidade Comunicación o premio recaeu sobre o enxeñeiro de minas Diego Casal Ramos, polo seu incesante labor de difusión do patrimonio mineiro galego da mina de volframio de Fontao.

O director xeral de Enerxía e Minas, Ángel Bernardo Tahoces, pechou o evento dirixindo unhas palabras aos asistentes, coas que chamou á unidade do sector e á reivindicación da minaría, no seu conxunto, como unha actividade necesaria e imprescindible para o desenvolvemento da sociedade.

Eterno luar. Denis Barros Caballero. (Gañadora do certame).



Cámara Oficial
Mineira de Galicia

Co apoio de



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
EMPREGO E INDUSTRIA